



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf.C60-15.

Consultas procedemento do contrato de servizo de colaboración na xestión tributaria, censal, inspectora e recadatoria e na xestión dos expedientes sancionadores en materia de tráfico do concello de bueu

Asto.: Relación anónima de consultas e aclaracións ás mesmas do procedemento de contratación do servizo de "COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSAL, INSPECTORA E RECADATORIA E NA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO DO CONCELLO DE BUEU"

O presente anuncio contén a **relación anónima de consultas e aclaracións** ás mesmas realizadas polos interesados no procedemento de contratación de referencia en base ao disposto na cláusula VI dos pregos de cláusulas administrativas particulares reguladores do mesmo (PCAP).

1.- **Consulta núm. 01:**

Formulada con data 06 de novembro de 2015

Texto da consulta:

"Conforme señala el apartado X.2.2 del pliego administrativo en el Sobre A se incluirá el proyecto descriptivo y la relación de personal, el primer documento tiene una limitación de extensión a 30 hojas por una cara y nos gustaría confirmar si se pueden presentar en el Sobre A Anexos ampliatorios relacionados con el mismo o tendríamos que hacerlo de forma separada. Todo ello al amparo del párrafo que indica "Asemade, neste sobre (A) poderá o licitador incluír calquera outro dato relacionado co obxecto do contrato que considere oportuno incluír para a mellor valoración da súa proposta segundo os criterios determinados neste prego "

- Aclaración á consulta núm. 1.01

A limitación a que fai referencia a consulta formulada, refírese ao "Proxecto descriptivo dos traballos e método organizativo para operativizar a prestación dos servizos complementarios e de colaboración obxecto do contrato" (cláusula X.2.2. dos PCAP) que corresponde coa "Memoria acreditativa do modelo de proxecto" á que alude o segundo punto do apartado a) "Mellor proxecto técnico da prestación do servizo", da cláusula XI.1. dos PCAP "Criterios de adjudicación (...) CRITERIOS NON VALORABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES OBTIDOS A TRAVÉS DA APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS "

Logo do anterior e a vista da redacción dada ao respecto da forma de presentación da documentación que debe conter o sobre A da proposición, quedan ao marxe da limitación relativa á extensión do proxecto descriptivo dos traballos e método organizativo para operativizar a prestación dos servizos complementarios e de colaboración obxecto do contrato os seguintes documentos:

- A relación de persoal a adscribir (cláusula X.2.2/páx. 12 dos PCAP)
- A solución tecnolóxica aplicada (cláusula XI/páx. 14 dos PCAP)

Asemade, ao fío do anterior, poderá o licitador incluír calquera outro dato relacionado co obxecto do contrato que considere oportuno incluír para a mellor valoración da súa proposta segundo os criterios determinados neste prego.

2.- **Consulta núm. 02:**

Formulada con data 06 de novembro de 2015

Texto da consulta:

"En relación con el pliego técnico "Capítulo XII Medios 20ª Persoais" nos gustaría aclarar si dentro del personal mínimo al que alude el apartado A (4 personas) se incluye al Responsable al que alude el apartado B) "

- Aclaración á consulta núm. 1.02

Consonte resulta da cláusula 20ª (Capítulo XII dos PPT) dentro do persoal mínimo ao que alude o apartado A (4 persoas) inclúese ao responsable ao que se refire o apartado B)

3.- **Consulta núm. 03:**

Formulada con data 06 de novembro de 2015



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Texto da consulta:

“Continuando con el pliego técnico “Capítulo XII Medios 20ª Persoais” nos gustaría saber si la experiencia del personal se puede acreditar con un informe interno emitido por nuestro Director de RRHH o, necesariamente, debe ser un certificado emitido por Administración Pública. ”

- Aclaración á consulta núm. 1.03

Consonte resulta da cláusula XI.1. dos PCAP “*Criterios de adxudicación (...) CRITERIOS NON VALORABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES OBTIDOS A TRAVÉS DA APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS “ a experiencia deberá acreditarse “ (...) a través de certificados e/ou contratos expedidos e/ou asinados polas administracións correspondentes (...)”* (páx. 14 dos PCAP) concretando así a esixencia de “*experiencia laboral, suficientemente acreditada*” contida na cláusula X.2.2. (páx. 12 dos PCAP).

Ordeando a publicación da resposta ás dúbidas plantexadas no taboleiro de anuncios do concello sito na planta baixa da casa consistorial, no perfil do contratante da web municipal, sen perxuízo da súa remisión, vía correo electrónica, ao que formula a consulta, en cumprimento do procedemento previsto ao efecto nos PCAP.

Bueu, a 06 de novembro de 2015

O alcalde

Félix Juncal Novas